








Vigo, a 18 de Xuño de 2019

O pasado venres mantivemos a segunda reunión da Comisión de Seguimento do AGA. Unha vez chegamos ao ecuador das reunións previstas para este mes, **é importante que cada un de nos teñamos claro os avances e a ausencia das propostas que estes Sindicatos prantexamos para solucionar Montaxe...**

PROPOSTA DE MEDIACIÓN DO AGA	VALORACIÓN SINDICAL
INFORMACION Y FORMACION SOBRE REPARTOS Establecese un protocolo de entrega e información dos repartos 1 semana antes da súa posta en marcha e como máximo 2 semanas despois. De non estabilizarse o reparto retómase a situación de orixe.	 A espera de comprobación da súa aplicación no próximo reparto.
MARCADO DE TRAMOS DE POSTOS Procedeuse a marcar os tramos de tódolos postos en cada unha das UEP's.	 Temos casos puntuais nos que non estamos conformes co marcado realizado.
COMPOSICIÓN Ponse en marcha un sistema que avisa en tempo real aos encargados e monitores sobre o tipo de composición que está entrando en cada UEP para que o Monitor se poida anticipar.	 Seguimos sen establecer un protocolo de medidas que se tomarán cando a composición se deteriore.
INTERNALIZACIÓN Recolocáronse a 13 traballadores/as do noso Centro en postos que viña desenrolando GEFCO e ALSERVI.	 Entendemos insuficiente o número de postos recuperados. A Dirección asegura continuar traballando para aumentar estas internalizacións.
CREACIÓN DE POSTOS Esta semana os 6 postos creados comezarán a súa actividade incrementando gradualmente o número de operacións que absorberan.	 Continuamos incidindo en que o número de postos son insuficientes. Ao noso entender as UEP's 53, 55, Post Acople, PDB, PLC, 7 e Motores non terán ningunha solución aos problemas que sofren diariamente.
ROTACIÓN Ao parecer nesta xuntanza comprenderon que a nosa petición en esta materia baséase na realización dun mapa de postos que identifique aqueles máis penosos tanto ergonómicamente como de esixencia e a posta en marcha dunhas rotacións que equilibren os esforzos aos que están sometidos/as os/as traballadores/as.	 Inda que parece que comezamos a entendernos sobre esta necesidade, esperamos a próxima reunión para comprobar se o cumpre.

Quedan inda temas por tratar como son **as pantallas para controlar a velocidade, andon, protocolo de útiles no caso de mal funcionamento, etc...** Como podedes comprobar estamos moi lonxe de compartir coa Dirección que os problemas de montaxe están solucionados. Ou se poñen a traballar nestas dúas reunións que quedan para que os/as traballadores/as vexamos esas melloras nos postos... Ou, unha vez máis, verémonos obrigados a retomar medias. O TEMPO SE ESGOTA...

